



KAKE

A revista do IES MARUXA MALLO
Equipo de Normalización Lingüística
Curso 2006-07

Sumario:

Portada por Vanesa	1
Sumario	2
Agradecementos	4
Monográfico sobre Maruxa Mallo	5
Bailando con pinceis	17
Festa do Outono	18
Saída á ría de Arousa	20
Obsesión futboleira	26
Analizamos unha obra de Xoaquín Sorolla	27
Máis de dous millóns de galegos/as fóra de fuso	28
O karting	29
Entrevista a Eva María Sampedro Millares	30
Un castelo moi estraño	31
Día en contra da violencia de xénero	33
Excursión a París	35
Entrevistamos a Montse	38
A cafetaría do IES Maruxa Mallo	39
Mandalas, a pintura do espírito	40
English writing	43
Entrevistamos a Jose	45
“Vive a túa vida” de Euloxio Ruibal	46
Andalucía, excursión fin de curso	47
Test... Es un/ha cocho/a?	52
Letras galegas	55
Entrevistamos a Lucía Rouco Penabad	56
Póster central	58
Entrevistamos a Sabela	59
Audiovisual 2006/2007 a visita á TVG	61
“O regreso ao deserto”	62

Esquelas	65
Entretementos	66
Simulacro de incendioooo!	67
Para rir un chisco	68
Horroróscopo	70

Fotos de grupo:

1ºA	71
1ºB	72
1ºC	73
1ºD	74
2ºA	75
2ºB	76
2ºC	77
2ºD	78
2ºE	79
3ºA	80
3ºB	81
3ºC	82
3ºD	83
4ºA	84
4ºB	85
4ºC	86

Colaboran:

A cafetaría do IES Maruxa Mallo

Arume

A tenda de Xorxe

Aucasa

Antes de nada agradecémoslle o traballo a toda a xente que permite o funcionamento de centro, toda esa xente, desde o persoal non docente como a cafetería que nos alimenta, ás limpadoras que permiten que as clases brillen (aínda que só sexa os primeiros 5 minutos de cada día), a conserxería que facilita as fotocopias, que aínda que non o creades non se fan soas, á administrativa que manda uns correos electrónicos moi bonitos, ás coidadoras que nos coidan, como o seu propio nome indica, ao profesorado que ás veces, as máis delas, di cousas ben interesantes, ao alumnado que se alimenta na cafetería, mantén case que 5 minutos as aulas limpas, pide fotocopias ao tolo, deixase coidar, vai solicitar correccións á administración, entrega os traballos, atende e... FAI ESTA MARABILLOSA REVISTA!! A todos/as vós por lela e a toda a xente que quería participar agora, pero... a telenovela estaba no máis emocionante, tiña o ordenador escangallado, non lle daba tempo porque estaba a facer a colección de cromos da liga de Kun Fu feminina, ou o veciño estaba demasiado interesante e nunca tiña tempo para pensar... a todas/os elas/es grazas tamén, esperamos que participedes co que queirades para o vindeiro número, que se cadra a nós... tamén nos gustaría facer coleccións, ver patinaxe artístico na tele ou os documentais da 2, ou ... se cadra... tamén temos veciños para os que mirar e... tamén sacamos tempo para facer a revista!!!
Grazas a toda a xente marabillosa que co seu traballo fixo posible este

novo número de KAKE, a nosa revista.





Este ano o noso instituto mudou o seu nome, pasou de ter un número a ter unha figura que ao nomeala tamén fala de nós. Maruxa Mallo, que así é o noso nome foi unha muller emprendedora, intrépida, atrevida, que ten moito que nos ensinar da súa forma coa que achegarse á vida, pero tamén é unha gran pintora universal. Neste número da nosa revista KAKE queremos dar a coñecer a forza e a obra desta gran muller que abandeira agora ao noso centro.

IES MARUXA MALLO

Maruxa Mallo

Maruxa Mallo naceu en 1902 en Viveiro. Tiña un papel moi importante pois aumentou o movemento vangardista polas súas obras. Nos seus comezos como pintora abordou temas da modernidade como deportes, escaparates urbanos, etc. Tiña amizades como Alberti e Concha Méndez entre outros. Tomou clases de debuxo e integrouse nas vangardas impulsando novos sistemas expresivos.

Formou parte da Escola de Vallecas e descubriu a paisaxe e as xentes de Castela. En París asociouse a algúns autores surrealistas como Miró.

A súa primeira exposición foi en 1928 con 30 obras que acadaron moito éxito. Alí "As Verbenas", formadas por unha serie de catro pinturas, viron a luz por primeira vez. Eran unha combinación de elementos festivos e burlescos.

Maruxa marchou de España en febreiro de 1937, durante a Guerra Civil. O seu destino foi Bos Aires onde estivo 25 anos. O seu primeiro cadro alí inaugura unha serie mariña, onde vemos a influencia do sol e a terra. Na serie de máscaras inspirouse nos cultos sincréticos da América.

Entre 1945-1957 tivo un período escuro. Volveu a España en 1964 onde era moi respectada nas súas

exposicións. Tres anos máis tarde recibiu a Medalla de Ouro de Belas Artes.

Ela vivía a súa vida por unha rebelión permanente contras as convencións artísticas e sociais do mundo.

A obra de Maruxa Mallo foi evolucionando dende un tipo de representación irónica e barroca dos temas populares, que progresivamente foron adoptando tons cada vez máis escuros e sombríos, ata a captación dos mundos campesiños, de ambiente máis alegre e claro, con figuras estruturadas en formas xeométricas que se amosan tan rotundas como monumentais.

Morre en 1995 en Madrid aos 93 anos.

Artigo por: Lidia Carro, Ánxela Corbelle, Laura Botana e Paula Liñares, 3ªA



Imos analizar un cadro de Maruxa Mallo: “Verbena”



Este cadro foi pintado no ano 1927, realizado pola pintora Ana María Isabel Manuela Josefa Gómez González, que utilizaba como nome artístico Maruxa Mallo.

Ten unhas medidas de 119x166cm. pintado en óleo sobre lenzo e atópase no Museo Nacional Centro de Artes Raíña Sofía.

Neste cadro vese representada unha verbena como ben indica o nome da obra. Nel podemos atopar representados uns mariñeiros na esquina inferior dereita do cadro, tamén aparecen diversas atraccións distribuídas pola superficie do cadro.

Na parte central podemos observar uns xigantes acompañados por unhas mulleres, todos vestidos dunha maneira moi festiva.

Na esquina inferior esquerda do cadro aparecen os doces típicos dese

lugar, e detrás deles atopamos un músico sentado con uns pés bastante esaxerados.

As cores deste cadro son vivas, onde se mesturan cores cálidas e frías, predominando estas últimas, para formar un debuxo agradable á vista. Ademais nótase só con mirar o cadro que nesa festa se vive un ambiente de diversión e alegría, uns estados de ánimo moi propios dunha gran festividade.

A cor azul dálle ao cadro unha sensación de frescura.

Este cadro en forma de colaxe non é o único feito pola pintora, posto que ten feito outros reunindo outra serie de materiais coma fotos.

Artigo de Luís Bouzas Prego e Ángel Veiras Grela, Vanesa Ríos Sánchez, Estela Montes Camba de 3ºA e 3ºC

A SORPRESA DO TRIGO

Esta época é a da República, Maruxa Mallo considérase “revolucionaria”. Esta, di que os artistas se teñen que adaptar a esta época.

Maruxa viaxa a Galiza e vive nunha casa alugada, realiza misións pedagóxicas.

Cóñece a Alberto Fernández Mezquita, co que participa apoiando á República.

Esta obra (A Sorpresa do Trigo), realízase cando lle pregunta aos habitantes de Madrid, porque levantan as mans cara ao ceo, e estes responden: “QUEREMOS PAN”.

É unha época de grande produción creativa e Maruxa expón no “Jeu de Paume” e na ADLN.

A guerra colle a Maruxa en Galicia, pero pasa a Portugal coa axuda de Mezquita, (toda a súa obra cerámica desta época é destruída na guerra).

Pouco tempo despois, a súa amiga Gabriela Mistral, embaixadora de Chile, axudouna a trasladarse a Bons Ares, onde seguiu pintando, dando clases e cultivando amizades. En Arxentina recibe un rápido recoñecemento, colabora na famosa revista de vangarda Sul.

Maruxa Mallo nesa época vivía entre Uruguai e Bos Aires e adicábase a viaxar, deseñar e pintar, en definitiva a crear e crear.

Tamén se realizan as exposicións, París, Brasil e Nova York. Aos 37 anos publicou o libro, O popular na plástica española a través da miña

obra (1939), e comezou a pintar especialmente retratos de mulleres, cuxo estilo é precursor da arte pop, comeza entón a súa etapa cósmica.

En canto aparece o fibulismo en Arxentina Maruxa trasládase a Nova-York para logo retornar 25 anos despois a España.

O exilio tanto dela como de outros artistas paralizou o desenvolvemento cultural español.

Os artistas galegos afectados foron os seguintes: María Casares, Castelao, Colmeiro, Fernández Granell, Luis Seoane, etc.

A salvación de Maruxa Mallo e moitos máis estivo no exilio a Arxentina.

Artigo por: Daniel Rey Vidal e Pablo Viqueira Pampín de 3°C



O éxodo

O éxodo de Maruxa Mallo comezou en Portugal, pasando por unha alfándega onde traballaba seu pai. Grazas á poetisa Gabriela Mistral (embaixadora de Chile en Lisboa), conseguiu un salvoconduto para poder cruzar o Atlántico.

En Portugal observou imaxes moi duras, que unha vez en América relatou en crónicas para “La Vanguardia de Barcelona”. Neste xornal aparece un cadro chamado *Sorpresa del trigo*. Esta pintura amosa feminidade e mans das que saen espigas. Foi realizado ao contemplar a desesperación dos xornaleiros na manifestación madrileña do 1 de maio de 1936. Para moitos críticos, esa obra marca a base da súa arte pictórica. O contacto coa realidade social de América Latina, axudou as

cualidades na súa pintura.

A influencia do continente fai que cambie as imaxes de secano por caracolas, cunchas e estrelas de mar. Maruxa e Rafael ámanse nun momento creativo singular. Ela deixa as imaxes mariñas para buscar no secano castelán residuos, cardos e ósos que forman a serie *Cloacas y campanarios*.

Maruxa poderá presumir ante unha xornalista da súa variedade de amantes. Ortega y Gasset nomeouna “deusa”, admirouna dun xeito que ía máis alá do platónico. Ela deixábase querer, pero non por iso decaía o seu frenético ritmo de traballo.

En Madrid pinta sen descanso e marcha a París un ano para formarse e triunfa na galería Pierre Loeb.

Ao regreso, no ambiente esperanzador da República, súmase ás Misións Pedagóxicas, pinta murais, fai cerámica, dá clases de debuxo en Arévalo, deseña escenografías de ópera para Rodolfo Halffter...

A pesar de todo, Maruxa Mallo non é unha pintora suficientemente recordada e recoñecida como artista que creou un estilo propio, e influíu na pintura actual e de vangarda.

Artigo por: Lucía Guimaey Viqueira

“Ouro” de Maruja Mallo actualmente atópase no Museo Nacional de Arte Contemporánea Raiña Sofía en Madrid



LA PRIMERA ASCENSION DE MARUJA MALLO AL SUBSUELO

Tú,

tú que bajas a las cloacas donde las flores más flores son ya unos tristes salivazos sin sueños

y mueres por las alcantarillas que desembocan a las verbenas desiertas

para resucitar al filo de una piedra mordida por un hongo estancado,

dime por qué las lluvias pudren las horas y las maderas.

Aclárame esta duda que tengo sobre los paisajes.

Despiértame.

Hace ya 100.000 siglos que pienso en que tú eres más tú cuando te acuerdas del barro

y una teja aturdida se deshace contra tus pies para predecir otra muerte.

El espanto que suben esos ojos deformados por las aguas que envenenan al ciervo fugitivo

es la única razón que expone mi esqueleto para pulverizarse junto al tuyo.

Una luz corrompida te ayudará a sentir los más bellos excrementos del mundo.

Periódicos estampados de manos que perdieron su nitidez en el aceite desgarran hoy el viento

y los charcos de grasa solicitan tus ojos desde los asfaltos reblandecidos.

Aceras espolvoreadas de azufre aclaman por el alivio de una huella

para que se agiten de envidia esos vidrios helados que se abandonan a los terrenos intransitables.

Emplearé todo el resto de mi vida en contemplar el suelo seriamente

ahora que ya nos importan cada vez menos las hadas,

ahora que ya las luces más complacientes estrangulan de un golpe las primeras sonrisas de los niños

y exaltan a puntapiés el arrullo de las palomas

y abofetean el árbol que se cree imprescindible para el embellecimiento de un idilio o de una finca.

Mira siempre hacia abajo.

Nada se te ha perdido en el cielo.

El último rruiseñor es el muelle mohoso de un sofá muerto.

Desde los pantanos, ¿quién no te ve ascender sobre un fijo oleaje de escorias,
contra un viso de tablones pelados y boñigas de toros,
hacia un sueño fecal de golondrina?

RAFAEL ALBERTI

Gaceta Literaria, páx 1, 1 de xullo 1929



Retratos bidimensionais, as naturezas vivas, os atletas e as máscaras

Cando Maruxa Mallo viaxa a Uruguai e se pon en contacto coa flora e a fauna das praias do Atlántico, volta ao novo motivo de

inspiración da artista.


É un entorno repleto de caracolas, estrelas de mar, orquídeas, medusas...

van conformando un novo imaxinario na mente de Maruxa Mallo.

Dezaseis obras de pequeno formato que Maruxa Mallo combina con rigor unhas estruturas xeométricas con un maravilloso delirio surrealista.

No ano 1945 uns arquitectos da Escola de Le Corbuser encargáronlle un mural para o cine de *Los Ángeles* de Bos Aires coa intención de fusionar natureza e arte, a artista engade varias cousas ao mural como por exemplo cunchas, pedras de cores, etc. A obra que fixo ía representar a danza subacuática duns bailaríns, para que os transeúntes poideran ver o mural a través do gran vidro da fachada.

Ao longo da década dos corenta, pinta uns cuadros de cabeza de muller. Son retratos femininos pintados de fronte e de perfil.



Estes cuadros representan o



feminismo, sen distincións de razas ou distincións sociais, o arquetipo de muller que Maruxa Mallo desexa para a nova sociedade.

Artigo por: Pedro Ramos Rivera, Fran Viqueira Castro e Sergio Noya Villasenín de 3º C

**“Maruja Mallo,
entre Verbena y
Espantajo toda la
belleza del mundo cabe
dentro del ojo, sus
cuadros son los que he
visto pintados con más
imaginación, emoción
y sensualidad.”**

Federico García Lorca



Maruxa Mallo foi unha muller escasamente valorada dentro do panorama español da arte do século XX, sendo ademais, dentro do conxunto de pintores da súa xeración a máis adiantada da súa época.

Ela quixo ser unha máis dentro do seu grupo, a chamada Xeración do 27 (integrada por personaxes como Dalí, García Lorca ou Luís Buñuel) pero inmediatamente non recibiu a mesma estima que os seus compañeiros, a pesar de ser unha das grandes vangardistas europeas. Fiel ás súas ideas e dunha coraxe exemplar, abriu moitas portas tradicionalmente fechadas ás mulleres, seguindo esa liña trazada por unhas poucas ao longo da

historia como Teresa de Xesús ou Frida Kahlo. O que hai que destacar nela é pura xenialidade, vitalidade e frescura que a acompañarán ao longo de toda a súa vida.

Nada en Viveiro (Lugo), Maruxa tivo un papel moi importante porque aumentou o movemento vangardista polas súas obras modernas. No comezo da súa carreira como artista, expón un conxunto de trinta obras, entre as que se poden observar as Verbenas, unha serie de cadros que combinan elementos festivos e burlescos.

Máis tarde, acadou unha bolsa de estudos para ir a París e alí a súa pintura foi considerada como a máxima representación do surrealismo español.

Por mor da Guerra Civil viuse obrigada a emigrar a América no ano 1937, onde segue pintando cadros nos que representa as verdadeiras preocupacións dos campesiños, é dicir, poder ter un anaco de pan que levar á boca. Un claro exemplo é O cantar das espigas (1939). Posteriormente, a artista pinta a serie Retratos Bidimensionais nos que se poden observar rostros de personaxes femininos que reflexan a imaxe segura e con forza de carácter que debería adoptar toda muller.

No seu regreso a España, a que fora unha das grandes figuras do surrealismo de preguerra é case unha descoñecida na súa terra, pois aqueles que foron os seus contemporáneos ou ben estaban mortos o seguían no

desterro, polo que a súa vida pública desaparece.

En 1967 recibiu a Medalla de Ouro de Belas Artes. Moita xente describía a Maruxa como divertida,



que gozaba da vida e que cría na liberdade. Ela vivía a súa vida por unha rebelión permanente contra as convencións artísticas e sociais do mundo.

Creativamente falando a obra de Maruxa foi evolucionando desde un tipo de representación irónica e barroca dos temas populares, que progresivamente foron adoptando cada vez tons máis escuros e sombríos, ata a captación do mundo dos campesiños, de ambiente máis alegre e claro, con figuras estruturadas en formas xeométricas, que se

presentan tan rotundas como monumentais.

Morreu en 1995, e agora as súas pinturas son máis recoñecidas e valorizadas ca antes.

Para algunha xente pode que Maruxa Mallo sexa unha total descoñecida do panorama cultural internacional, o que equivale a dicir que, é pouco máis que ninguén, ou sexa, unha gran ignorada. Para a boa parte dos que a coñeceron ou tiveron noticia dela era unha vella tola que deambulaba por Madrid cunha maquillaxe ostentosa e vestimentas irreverentes para a súa idade, unha anciá demente que presumía dun glorioso pasado artístico e das escandalosas fazañas que protagonizou en tempos de Alfonso XIII e da Segunda República. Para nós, é a pintora máis extraordinaria da nosa vangarda artística e unha figura esencial que, se non estivera presente, non se podería entender a arte española do século XX.

Artigo por: Sonia Candal Roel, Bibiana Darriba Candal, Erica Darriba Pena Iria Ferreiro Viqueira



Os moradores do vacío de MARUXA MALLO

“Os moradores do vacío” foi e segue sendo a última etapa pictórica de Maruxa Mallo, xa tiña 77 anos, pero aínda conservaba a visión da vida e dos obxectos coma cando era moza. Ela tomou a inspiración para realizar estas obras na súa viaxe á illa de Pascua con Pablo Neruda, dende o fondo do Pacífico. Os moradores do vacío son obras nas que Maruxa utiliza o surrealismo, as cales contan cunha gran xeometría. Cando se lle preguntaba pola súa nova serie artística, respondía: “captar a estrutura macánica do éter (Fluído sutil, invisible, imponderable e elástico que, según certa hipótesis obsoleta, enche todo o espazo, e polo seu movemento vibratorio transmite a luz, calor e outras formas de enerxía) na súa conxugación cos hipernautas do espazo”.

Quere dicir que quería representar nun cadro o que había no éter, debuxando de forma xeométrica.

Os cadros a simple vista non teñen un gran contido xeométrico, pero para a súa realización, Maruxa tívoo en conta. Nela recrea a natureza sudamericana, fusionada cuns extraños personaxes e naves siderais. Para explicar porque fixo estes cadros dixo: “Cando entrei no coñecemento de Einstein, Marx e Freud, os tres santos laicos, é cando fago esta pintura que por todo recoñecemento levita”

Ela sentía a necesidade de inventar seres míticos.

Cando estaba por Andelos ela formulou a pregunta para ela

mesma: “os interrogantes sobre as formas non coñecidas que existen 7000m arriba.”

Esta é a última etapa de Maruxa antes da súa morte na cal ten unha boa relación con Pablo Neruda o que cambia por completo a forma de pensar de Maruxa Mallo.

Tras 24 anos de exilio volve a España e ese mesmo ano realiza unha exposición na Galería Maditerraneo, a cal loubaba Luís Seoane dende a radio de Bos Aires.

Establece unha relación con José Vazquez Cereijo o cal lle presenta a oportunidade de realizar unha carpeta con seis litografías (arte que se realiza sobre pedra preparada) para a Revista Occidente. Estes cadros teñen un trazado case infantil como por exemplo “Augaforte”.

Maruxa Mallo falece o 6 de Febreiro de 1995 nunha residencia de luxo.

Artigo por: Manuel Tasende e Antonio Sánchez Bao



Varias notas sobre Maruja Mallo

"Maruja Mallo, entre Verbena y Espantajo toda la belleza del mundo cabe dentro del ojo, sus cuadros son los que he visto pintados con más imaginación, emoción y sensualidad."

Federico García Lorca

"As estranas creacións de Maruxa Mallo, entre as máis considerabels da pintura actual, revelación poética e plástica, orixinal, «Cloacas» e «Campanarios» son precursores da visión plástica informalista".

Paul Eluard



"La obra de Maruja Mallo ha merecido, pues, el espaldarazo de la Revista de Occidente. Y lo ha merecido, ante todo, por la alta calidad intrínseca de su talento, por rango psicológico, independientemente de las manifestaciones pictóricas en que sus facultades se exteriorizan, pues con ser esas manifestaciones valiosas y admirables, lo que de veras importa en ella, como en cualquier otro artista moderno, es la pura genialidad. El índice de pura genialidad. Lo que de nuevo tenga que decirnos, más que la manera de decirlo.

Y Maruja Mallo primero tiene talento, y después pinta."

Antonio Espina
Arte Nova Novorum. Maruja Mallo». Gaceta Literaria, 1 xuño 1928

Bailando con pincesis...

Mesmamente semella o título dunha película de Kevin Costner, pero imos falar dunha actividade na clase de Plástica no grupo de 1ºD.

A cuestión foi poñer cor á música. Sabela escolleu unhas músicas moi diferentes, a ópera Carmina Burana de Carl Orff, Extremoduro e a B.S.O. da película "A Misión" de Ennio Morricone, tratábase de pintar como nos dera a gaña, e logo ver como cambian os debuxos ao cambiar a música, crédeo, non eran o mesmo os que saían da música lenta de Ennio Morricone ao resultado do que xurdíu escoitando o Hard rock de Extremoduro.

Materiais:

Pintura de calquera tipo.

Un soporte axeitado ao tipo de pintura (cartulina para os rotuladores, papel para os lapis de

cores...)

Un reprodutor de música e música.

Un pouco de tempo.



Con un tempo preestablecido, só tes que escoitar a música e deixarte levar por ela, sen máis, os resultados son ben divertidos





FESTA DO OUTONO

Magosto
Di o refrán:
“ por san
Martíño faise o
magosto con
castañas asadas
e viño ou
mosto”. O
magosto é unha

festa tradicional galega celebrada no mes de novembro cuxos elementos son a castaña e o lume.

Hai varias teorías sobre a orixe do seu nome: mentres uns pensan que vén do latín “magus ustus” que significa “gran fogueira”, outros especialistas pensan que “magosto” Deriva do latín “magro” coa equivalencia de grande, con algo de “magus”, máxico ou feiticeiro.

É unha festa de orixe pagá que logo foi cristianizada e , como tódalas festas de carácter agrario, pode situarse na prehistoria, cando o ser humano vai adquirindo consciencia individual e social. É unha festividade relacionada co culto á fecundidade; de aí a súa relación directa co lume, representado o sol , deus fecundador da terra.

Trátase tamén dunha comida comunitaria e ritual que reforza os



vencellos comunitarios do mundo rural galego; ten un carácter alegre e de acción de grazas polos froitos recollidos, así coma de homenaxe aos castiñeiros e as castañas.

Con posterioridade foi asociada aos santos e defuntos, por iso se festexa o 1 de novembro, por ser unha comida que simboliza a morte do ciclo solar anual. Mais tarde nas terras de Ourense pasou a celebrarse o día 11 de novembro, festividade



de san Martiño de Tours, padroeiro da cidade das burgas. De Ourense espallouse por toda Galicia, collendo novos matices, aínda que corre risco de


perder a súa orixinalidade e espontaneidade tradicional e popular.




Marisol e Nati vixiando as pistas na festa do outono.










Saída á
ria de
Arousa





mapa da zona, situación xeográfica




SAÍDA Á RÍA DE AROUSA

Menuda aventura! Primeiro a viaxe en barco, logo o acuario e despois o obradoiro de salgadura!

VIAXE EN BARCO

Ao chegar ao Grobe o veleiro *Nauja* (Gaivota) xa estaba agardando por nós coa súa tripulación á fronte:



O contramestre: que nos explicou como se goberna un barco dende a ponte e a función de aparellos como: temón, sonar, radar, fax, compás...


O patrón: que, con moitísimo cariño, nos amosou diversas artes de pesca (algunha artesá e propia da ría), facendo moito fincapé nas que son selectivas e non selectivas, con estas últimas matamos non só a

barco: construíuse en Dinamarca no 1930, adicouse á pesca, a gardacostas durante a II Guerra Mundial, foi requisado por tráfico de hachís no Levante español, e agora a súa finalidade é realizar saídas didácticas, alúgarse para vodas, esparcemento de cinzas e á investigación na Ría de Arousa.

A bióloga: centrou as súas explicacións na flora e na fauna da Ría de Arousa onde destaca o cultivo intensivo de mexillóns en bateas. Tamén nos explicou que nos fondos areosos críase unha gran

variedade de invertebrados (vermes, moluscos, crustáceos, ourizos de area...). Nos fondos rochosos destaca o polbo. Polas augas libres nadan os golfinhos, focas, baleas e tartarugas mariñas.

Esta gran variedade de especies dáse porque a Ría de Arousa presenta un fenómeno chamado afloramento que consiste



especie que nos interesa, senón que tamén moitas outras. Así poidemos observar anzois, liñas, nasas, rañas, poteiras, espello ou mirafondos, redes...

O mariñeiro: que nos proxectou un vídeo no que se explicaba a sorprendente historia do

en que o vento do Norte despraza as augas superficiais e emerxe a que está nas profundidades cargada de nutrientes pola descomposición de distintos seres vivos. Nas partes rochosas aséntanse diversas algas

formando verdadeiros bosques e pradeiras que serven de abrigo a diversas especies de animais.




Con tanta explicación, e navegando sen parar... Chegamos as inmediacións da Illa de Sálvora, que xunto coa de Ons e as Cíes forman o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. A formación destas illas está relacionada cos acontecementos xeolóxicos de finais do Terciario. Despois da Oroxenia Alpina produciuse o afundimento de grandes bloques da codia litoral. O mar penetrou por estas zonas afundidas dando lugar ás rías; e as illas atlánticas son os cumes das

serras costeiras que resultaron parcialmente afundidas baixo o mar.

A illa de Sálvora está deshabitada e pertence a un particular que está en trámites de venderlla a Caixa Galicia.

Ten forma triangular e unha superficie de case 90 ha. Nela hai unha antiga edificación empregada para o secado e salgadura de peixe e máis tarde convertida no actual pazo de Sálvora.



ACUARIO

Logo da viaxe en veleiro fomos ao acuario do Grobe, no que había representados varios ecosistemas mariños:

Océano: nesta zona hai peixes como tiburóns, tartarugas...

Tropical: aquí atópanse peixes de moitas cores: peixe pallaso, peixe bisturí...

Intermareal: estrela de mar, ourizos de mar, mexillóns...

Acantilado: morenas, caranguexos, anémonas...

Ríos: troitas, lontras...



OBRADOIRO DE SALGADURA



Por último participamos nuns xogos que nos fixeron comprender como eran as fábricas de salgadura. Enteirámonos de que no século XVIII uns industriais cataláns asentáronse en Galicia e fundaron a industria de salgadura de peixe para

a conservación e posterior distribución do mesmo. En cada fábrica recollíanse as sardiñas que traían os pescadores, colocábanas en depósitos de granito en capas, unha de sal e unha de peixe, e así consecutivamente. O sal extrae a auga do citoplasma das células e evita a putrefacción. Alí permanecían aproximadamente 20 días. Posteriormente lavábanas, secábanas e clasificábanas. Por último envasábanas en toneis de madeira e prensábanas para que expulsasen o aceite, aceite que posteriormente era usado para os candís.

Esta saída didáctica gustounos moito, animamos ao departamento de Ciencias Naturais a que programen outras similares.




Alumnos/as de 2º



Nauja

OBSESIÓN FUTBOLEIRA

Por José Manuel Liñeira Del Río.



Analizamos a obra de Xoaquín Sorolla

O valenciano Xoaquín Sorolla (1863-1923) foi un dos pintores españois impresionistas máis internacionais do seu tempo. O seu particular modo de interpretar cos pinceis a intensa luz mediterránea constitúe unha corrente persoal denominada *luminismo*. Fíxase en temas de praia, paisaxes, os costumes rexionais, que capta a base de manchas de cor brillante. Os seus cadros cobran así, un interés plástico en virtude da vibrante intensidade da superficie pictórica.

O motivo representado chega a converterse nun mero pretexto, tras o cal só hai unha harmonía de cores

que posúen a súa propia intensidade lumínica. A pesar do seu éxito, foi acusado de restarlle importancia á figura de campesiños, pescadores, protagonistas felices dunha España sen turbacións aparentes, e é máis, de explotar o efecto de luz sen facer da pintura un exercicio reflexivo, pero, aínda así, é un pintor excepcional.

- Escollemos este artista entre outros moitos porque, nos gustou o seu emprego da luz. Renunciou ao negro, ao contrario dos seus compañeiros españois, dotando así as súas obras dunha gran luminosidade.




- O impresionismo baséase na captación da incidencia da luz sobre o obxecto, na ausencia de detalles minuciosos, suxerindo as formas e empregando as cores primarias.

Xoaquín Sorolla,
Paseo á beira do
mar (1909). Madrid,
Museo Sorolla.

*Artigo de: Patricia
Noya e Sara del Río
de 3ºA*

MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE GALEGOS FÓRA DE FUSO

Habitantes afectados
pola hora oficial



Ata finais do século XIX cada país rexíase pola hora do meridiano principal que o atravesaba. No ano 1887 estableceuse o Sistema Mundial de Fusos Horarios que dividía o planeta en 24 fusos esféricos, delimitados por meridianos distantes entre si 15 graos, unha hora. Como meridiano cero adoptouse o de Greenwich, a hora GMT, e inclúe a maior parte de España, con zonas que teñen o GMT-1, como Canarias.

Galicia está atravesada porlo meridiano 7 graos 30 minutos que marcaría a fin do horario GMT e o inicio do GMT-1 (o de Canarias e Portugal); isto fai que de toda a poboación galega só unhas 170.000 persoas teñan o horario que lles corresponde, mentras o resto está desfasado, segundo apunta o estudo elaborado por Xosé Antonio Bustabad. Isto supón que a maior

parte de Galiza usa unha hora oficial que difire entre dúas e tres horas da que lle correspondería de xeito natural.

Tal diferenza tan esaxerada provoca que os reloxos de sol marquen unha hora ou dúas menos que a hora marcada polos reloxos mecánicos en moitos lugares de Galiza. Excesivo é tamén o que ocorre nos municipios máis occidentais da nosa comunidade como Fisterra, no que no mes de xuño o crepúsculo chega a finalizar ás 23:45 horas, algo anormal para a latitude na que nos encontramos. O desfase que sufrimos é só superado por China, que ten o mesmo horario en todo o país.

Ante esta situación, Bustabad considera que os fusos máis adecuados para Galiza son o GMT (o de España) ou o GMT-0.5; este último é o fuso natural de Galiza e tamén o máis perfecto dende o punto de vista astronómico, xa que con el coinciden as horas oficial e solar. O maior inconveniente é que non se usa en ningún país da Unión Europea. O seguinte en adecuación sería o GMT-1, aplicado xa por Irlanda, Portugal ou as Illas Canarias.

Estanse poñendo moitos impedimentos ao cambio de fuso horario en Galiza por ser visto este como un cambio separatista do resto do Estado Español, cando en realidade é algo necesario para o benestar de todos os galegos.

Artigo por: Macarena Pallas
Rodríguez 4ªA

O KARTING

O 27 de Novembro os alumnos/as de 2ºe e da 4º da E.S.O. partiamos do I.E.S. Maruxa Mallo de Ordes, ás doce da mañá, con destino ao karting de Ordes, alí esperábanos un corto pero intenso tempo de aprendizaxe e diversión. Ao chegar déronnos dous tickets, un para un refresco e outro para un turno nos cars. Os alumnos de 2ºE fomos os primeiros en recibir a charla de tráfico e moitas outras cousas, tamén nos ensinaron como debemos colocar o cinto de seguridade e o que debemos facer se temos un accidente. Cristina e Natalia ofrecéronse voluntarias para podérnolas ensinar. Ao acabar nós a charla entrou outra clase e nós fomos aos car. Primeiro déronnos unhas normas: a primeira era que tiñamos que parar nos semáforos en vermello e a outra que debiamos

parar no paso de peóns se había alguén. Había que ir en turnos de nove, porque só había nove coches. Os primeiros en subir, como sempre, foron os rapaces. Por certo! Tamén nos obrigaban a levar casco. Cando subiamos no cars explicáronnos como tiñamos que facer e fomos saíndo un a un. Creo que todos o pasamos moi ben, aínda que algúns saltamos algún semáforo en vermello e non sempre parabamos no paso dos peóns cando debiamos. Ao acabar a charla e o turno nos cars todas as clases regresamos ao I.E.S. un pouco cansos, pero creo que todos repetiamos as veces que fixesen falta.

E aí remata unha mañá educativa, intensa e sobre todo moi divertida.

Tania Varela Fraga 2ºE



Entrevistamos a...

-Eva María Sampedro Millares de Música

Sobre a escola:

Por que decidiches ser profesora?

E- Pois porque me gusta ensinar. Cantos anos levas dando clase desde que comezaches a carreira?

E- Levo xa 21 anos.

Por que che gusta ensinar música?

E- Porque o paso moi ben, moi ben, moi ben...

Á hora de avaliar daslle moitas voltas á cabeza?

E- Nalgúns casos doulle moitas , moitas.

Disfrutas correxindo exames nos que a xente aproba?

E- Encántame.

Como che gusta que sexan os alumnos?

E- Gústame os alumnos que participan en clase e os que coñecen os límites das relacións persoais.

A que cursos das ti clase?

E- A 2º, 3º e 4º.

Hai que ter unha gran capacidade para ser mestra de música?

E- Definitivamente si.

Cal é o teu concepto de música?

E- A música para min é un modo de disfrutar a vida.

Cotilleos e preguntas picantes:

Cal é a túa música preferida?

E- O rock and roll, o pop e a música clásica.

E o cantante?

E- Gústame moito un cantante chamado Leonard Cohen, polo ben que canta ademais de polo seu atractivo físico (je,je).

Tes parella?

E- Non
Gústanche os nenos?

E-si, os dos demais.

Pola túa resposta intuímos que non tes fillos:

E- Non, non os teño.

Que soes facer no teu tempo de lecer?

E- Cando o teño, gústame ver pelis, inventar xogos para as clases e bailar.

(cousa da que non dubidamos, basta só con ter clase con ela un día)

Cales son as túas comidas preferidas?

E- As ameixas á mariñeira, pisto de calabacín e spaghettis á bolognesa (co seu queixiño... humm...)

Tes algunha manía en especial?

E- Si, ordenar as cousas; aínda que axiña as desordeno outra vez. Con cales dos profesores tes máis relación?

E- Con Carmen, de Tecnoloxía, porque entramos xuntas a facer a substitución.

Agora imos ser un pouquiño indiscretos e preguntamos: cantos anos tes?

E- Trinta e nove.

Cando os cumpres?

E- O 19 de agosto.

Onde naciches? Dícmolo polo teu acento.

E- En Santa Uxía de Ribeira, a 160 quilómetros de Santiago, na comarca do Barbanza.

Gustache vivir aventuras?

E- Encántame.

E as viaxes?

Si, aínda que iso non implica viaxar moito

Que tipo de viaxes che gustan máis?


E- Tranquilas e nas que visite culturas diferentes. Por exemplo, prefiro ir a Marrocos antes que a Pontevedra.


Gústache sentirte como un membro máis da clase?

E- Si.

UN CASTELO MOI EXTRAÑO

por María Esther Cao Noya e Estefanía Juncal Ríos.





Que pena de manchamento, fíxese

Este comedon é mais pequeno e o outro

pequeno Si, pena de manchamento



Dimel non che e saito chamado despois non debes ter cobertura

RING RING



manoli mancha a ditte a os perfumes

xa están no coche! Vámonos

Ván de volta a Cataluña, (Barcelona)

dentro de media hora marchaban para Cataluña, a sua casa.



Eu non porque este castiello é roba

nenos pasástelo ben

Ese castiello era moi extraño porque rondaban os fantasmas pola casa, pero non daban entrada porque tiña as cadeas postas

PARTICIPACION NO DIA MUNDIAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO O VINTE CATRO EN COMPOSTELA.



O vinte catro de Novembro é o día mundial contra a violencia de xénero. Ese día os alumnos do instituto Maruxa Mallo concretamente os de cuarto da ESO fomos á praza do Obradoiro a un acto de solidariedade contra as vítimas do noso país. Realizáronse distintos actos, aos que asistimos nós; non foi o único. Antes desta semana unha muller fíxonos a todos unha enquisa sobre a violencia de xénero, non era obrigatoria facela e era anónima. O Luns vinte tivemos acto previo á cita do día vinte catro, a este acto asistiu unha muller que nos dou unha charla sobre a violencia e que escoitou a nosa opinión con respecto a este tema tan cotián e desagradábel. Dito acto realizouse na biblioteca. Ela ensinounos imaxes de actos anteriores, tamén dixo unha cousa moi acertada que vivimos nunha sociedade machista e iso non pode ser, e amosounos distintas probas. Por exemplo: as rúas dos nosos pobos case todas teñen nomes de homes e apenas de mulleres, en

certos empregos as mulleres teñen probas máis fáciles e elas reclaman as mesmas tanto para homes como para mulleres, probas: de policía, de bombeiros, etc. Tamén é certo que nestes traballos citados anteriormente o número de mulleres só se pode dicir que é de tres ou catro. En actos anteriores tamén participaron moitos alumnos de distintos centros escolares, múltiples actos realizábanse sempre nas rúas, prazas públicas, etc. O día vinte catro o tempo non nos axudou moito porque choveu bastante, e este día acompañáronnos os profesores: Charo, Sabela e Jose. Saímos de Ordes ás nove e dez e chegamos a Santiago de alí a corenta e cinco minutos. Xa alí, tivemos outro corenta e cinco minutos de tempo libre porque aínda non chegaran o resto dos institutos. Neste tempo libre mercamos algo para comer e paseamos polas rúas da cidade Compostelá. Xa rematado este tempo libre reunímonos todos alí, aínda non estaba preparado pero tras esperar vinte minutos, o acto

comezou. Alí estaba a organizadora do acto, a muller que nos dou a charla na biblioteca o luns pola tarde. Seguía chovendo pero como xa viamos que era case imposíbel que parase de caer auga do ceo, empezamos pouco a pouco. Había moitos alumnos de distintos lugares da nosa terra. Primeiro estendemos sobre a praza do Obradoiro un gran toldo que contiña distintas palabras. Era enorme e había que termar del porque se non o aire levábao, entón, os que aguantaban del, se non tiñan un marabilloso parachuvas, mollábanse. Estabamos todos apelotoados debaixo da casa do concello para non nos mollar. Un grupo de tres ou catro tiña que tapar as letras que contiña a mensaxe do cartel, e deixar os ocos en branco baleiros. Saímos do abrigo e tapamos as letras tal como nos mandaran. Regresamos outra vez ó abrigo e de alí a dez minutos voltamos outra vez a tapar as letras. Había megafonía e mediante dela déronnos as grazas por asistir ó acto contra o día en contra da violencia de xénero. Xa rematando volvemos outra vez para debaixo da casa do concello e alí tivemos que esperar cincuenta minutos porque o autobús estaba no taller. Despois disto, saímos da praza do Obradoiro cara

ó autobús. Como aínda nos quedaba tempo libre, fomos ata o centro comercial Area Central onde alí tivemos case unha hora de tempo libre. Xa de regreso cara ao instituto Maruxa Mallo de Ordes levounos outros corenta e cinco minutos. Como chegamos cincuenta minutos antes de que tocara o timbre, déronnos outra vez tempo libre que ben merecido o tivemos, non houbo ningún incidente e mollámonos un pouco porque case ningún de nós foi precavido co tempo e non levou parachuvas. Cando chegamos a casa eramos famosos, saíramos na televisión en case todas as noticias. O acto estivo ben se non fora polo tempo, pero ogallá non houbera que facer actos coma estes, nin houbera ningunha vítima da violencia de xénero. E a sociedade na que vivimos cambie a súa mentalidade machista, e se poñan barreiras ás mulleres, porque todos somos persoas e merecemos ser respectadas como tales.

VILARIÑO SÁNCHEZ Manuel,
Nº21 4ºB



EXCURSIÓN A PARÍS 2007



Ola a todos, vouvos falar do que para min foi a maior excursión que tivemos ata o momento e unha boa experiencia que nin os meus compañeiros nin eu esqueceremos xamais.

Sábado 24 de marzo, 19:45 horas:
Recordo ese día como unha mestura de sensacións diversas; quizais o que máis salientaba en nós nese momento eran os nervos e o entusiasmo, tanto pola propia viaxe



en si como polo feito de estar unha semana lonxe da casa. Mentras agardabamos polo bus no aparcamento do instituto, cargados coas nosas maletas e cunhas bolsas de comida tremendas (tíñanos que chegar para toda a semana), adiantabamos despedidas e recibiamos algunha que outra sorpresa. Pero a espera non

durou moito, pois ó pouco tempo un autobús procedente do IES de Vilalonga (Pontevedra) e repleto de rapaces e rapazas achegouse pola estrada, polo que partimos de Ordes buscando uns días de "aventura".

O que non sabiamos é que a aventura comezaba nese mesmo instante, pois vós non sabedes o que é pasar nun automóbil unha noite enteira e boa parte do día seguinte case sen poder durmir porque, entre outras cousas, compartíamos o transporte cun rapaz que roncaba de tal xeito que nos espertaba a todos en canto pechabamos os ollos, era impresionante!!! O domingo fixemos unha visita ó parque do Futuroscope, situado en Poitiers e por certo, o xantar que nos deron estaba malísimo, pero a

fame podía con nós e nese momento creo que comeríamos o que fose. Aí pola tardiña emprendemos de novo a viaxe, para chegar a París sobre as once da noite, máis ou menos, e levar a cabo a difícil tarefa do reparto de habitacións. Aínda que estabamos moi cansos pouco durmimos esa noite, xa que cando as profesoras se deitaron comezou a festa; pero tiveron que erguerse varias veces para evitar que espertáramos a todo o hotel.


Ó día seguinte, pola mañá, apenas podíamos ver o noso almorzo co sono que tiñamos, pero ese detalle non nos impediu gozar como ananos en Eurodisney, con Mickey, Pluto, Donald... e subindo a todas as atraccións do parque.

A partir do luns estivemos sempre na cidade, visitando un montón de monumentos, xardíns, igrexas... en fin, lugares de interese turístico. E o que tivemos que camiñar!!! Case nos dá unha lipotimia cando subimos as centos... e centos... e centos de escaleiras para chegar ó alto das torres de Notre-Dame (iso en vez dunha excursión xa parecía máis ben unha desas clases de educación física que tivemos ó principio do curso, cando traballabamos a resistencia), pero as vistas que tiñamos aló no alto

compensaban sobradamente o esforzo. Outra cousa que nos gustou a todos foi o Arco do Triunfo, o cal vimos pola noite iluminado, e como non, subimos a el. Ó baixar, as profesoras deixáronnos pasear polos Campos Elíseos e dixéronnos que as esperásemos á altura do Petit Palais, situado máis ou menos na metade da avenida. Sara case se desespera cando tivo que andar á procura duns cantos que se despistaron e que por pouco chegan camiñando ao Louvre, pero ó final deunos atopado, aínda que viña cun cabreo encima...

O mércores fomos ó Louvre, entre outros sitios, pero estaba prohibido sacarlle fotos á Gioconda xa como tiveses a cámara fóra da mochila axiña viña o vixiante a dicirche que a gardases; claro, todo isto en francés, e como é lóxico non entendiamos nin papa. Aló as poucas veces que falabamos con algún francés comunicabámonos coa linguaxe universal, ou sexa, a das señas. E para entendelos? Moi sinxelo, empregando a técnica da intuición, aínda que non sempre funcionaba, ou mellor dito, case nunca funcionaba.

Ó día seguinte visitamos a Torre Eiffel e asegúrovos que desde preto é moito máis impresionante do que parece, enorme!! Subimos arriba aínda que non se vía moito, en parte pola contaminación e porque aquel día estaba nubrado. Tamén fomos ó cemiterio de Père Lachaise, si si, por increíble que pareza fomos a un cemiterio, ou a un labirinto máis ben. Nel están enterrados personaxes importantes coma Oscar



Wilde , Jim Morrison ou Chopin, por poñer uns exemplos.

Esa mesma noite coñecemos Montmartre, un barrio bohemio situado nun pequeno “monte” elevado sobre a cidade e no que as rúas estaban repletas de pintores que viñan onda ti ofrecendo retratarte. Presidindo Montmartre estaba basílica do Sagrado Corazón, a cal acollía ás súas portas a uns mozos cantando e tocando a guitarra, vamos que o lugar estaba animado. Pero para chegar ata alí fomos por unha rúa un pouco... peculiar. Si, esa é a palabra, peculiar, porque toda ela estaba repleta de cabarets e como non, pasamos por diante do famoso Moulin Rouge.

Xa que esa era a nosa última noite no hotel, aproveitámola facendo pequenas festas, xuntando toda a comida que nos sobrou, que era moitísima, cantando... en fin, que nos deitamos ás cinco da mañá.


Unhas horas máis tarde, despois de pasar moito frío esperando na cola para entrar a Versalles, collemos un avión con destino a Santiago de Compostela; volvíamos á casa cansados despois dunha semana bastante intensa na que coñecemos a moita xente e descubrimos un pouco desa gran cidade que é París. O avión, esa foi outra. Aínda que o voo se efectuou sin ningún incidente, cando o aparato se puxo en marcha comezamos a oír un son extraño que proviña do teito, o que facía que nos pregutásemos entre miradas de desconfianza: “iso é normal?” Outra voa foi cando o azafato comezou a dar as instrucións de seguridade en “español”, ou iso pretendía ser. Penso que non houbo nin un só

pasaxeiro que entendese o que dicía. E cando nos deron a comida..., quitábache as ganas de probala o simple feito de mirar para o atún dos bocadillos. Nese momento comprendemos que non deberan pasar a inspección de sanidade, servir algo así tiña que ser delito.

Despois de dúas horas de viaxe por fin aterramos e díxímonos ás cintas para agardar polas maletas. Eran as sete e dez minutos da tarde. Cal foi a nosa sorpresa, que tivemos que agardar a que estas empezaran a circular ás oito menos cuarto, case morremos de aburrimiento. Despois, no autobús, camiño do instituto, todos a intercambiarnos os números de teléfono coa xente de Vilalonga para poder seguir en contacto, posto que o pasamos realmente ben con todos eles.

Temos que darlles as grazas á profesora Sara, así como a Isabel e a Piruca por organizarnos esta viaxe, por darnos aguantado durante toda unha semana e en definitiva, por facer que a nosa estancia en París fora do máis acollidora e divertida posíbel.

Traballo para a revista realizado por Erica Darriba Pena 3º B



Entrevistamos a... Montse...



-Montserrat Candal Bocija de
Lingua Castelá

Sobre a escola:

Por que decidiches ser profesora de
Lingua Castelá?

M- En xeral, porque me gusta a
lingua, a literatura, os libros, etc.

Cantos anos levas dando clase desde
que comezaches a carreira?

M- Entre tres anos e tres e medio.
E cantos levas neste instituto?

M- Un ano e medio.

Disfrutas correxindo exames nos
que a xente aproba?

M- Aínda que normalmente a
xente aproba, correxir non che me
gusta moito.

Como che gusta que sexan os
alumnos?

M- Gústame que os alumnos

participen, que sexan divertidos e
que estuden.

Á hora de avaliar daslle moitas
voltas á cabeza?

M- Depende do grupo, dos
alumnos... pero si, doulle voltas.
Daslle titoría a algún curso?

M- Non.

A que cursos lles dás ti clase?

M- A 2º da ESO e a 3º A.

Hai que ter unha gran capacidade
para ser mestra de lingua castelá?

M- Bueno, sobre todo hai que ter
sañas, paciencia e interese.

Detalles sobre a súa vida:

Cal é a túa música preferida?

M- Agrádame todo tipo de música.
Tes parella?

M- A esa pregunta non vou
responder.

Que soes facer no teu tempo de lecer?

M- Ler, pasear, viaxar...

Que tipo de viaxes che gusta máis?

M- Prefiro os lugares tranquilos,
onde se poida respirar e nos que

non haxa
moita xente.

Cales son as túas comidas preferidas?

M- Pasta, ensaladas, gústame un
pouco de todo.

Tes algunha manía en especial?

M- Si, gústame ter todo controlado.
Cantos anos tes?

M- Vinteoito.

E cando os cumpres?

M- En abril.

Como che gusta vestir, de maneira
clásica ou máis informal?

M- Depende do día, segundo me
levante pola mañá. Hoxe así e
mañá doutra
maneira.

A cafetería do IES Maruxa Mallo Vista pol@s que alí imos... logo preguntamos e isto foi o que atopamos

... o que non nos gusta...

- Que ás veces atenden cabreadas ou estresadas
- A organización, xa que non sempre nos atenden axiña e o recreo remata deseguida
- A barra debería ser máis grande, é moi pequena...

... o que cambiaríamos ...

- Poñer máis lonchas nos bocatas
- Os tickets non nos convencen, xa que hai xente que, por diversos motivos que non imos especificar agora..., non poden chegar a tempo para encargalos
- Deberían encargar máis pan, que o que hai habitualmente non chega a nada e nos temos moita fame
- Queremos que traian máis zorza e tortilla que se esgota ao primeiro do recreo...
- Se fose posible traer máis xente para que te atendan antes, que perdemos moito tempo para comprar
- Gustaríanos que abrisen as portas que van dar ás pistas
- Os prezos son moi altos e se fora posible gustaríanos que baixasen un pouco

- Tamén nos gustaría que atendesen mellor as/aos profesoras/es e que tivesen unha mesa reservada para eles

... o que nos gusta da cafetería é...

- Os bocatas de tortilla con algo máis están boísimos
- A variedade de larpeiradas, aínda que escoitamos algunha voz que di que podía haber máis...
- O pan está boísimo
- A zorza
- Que poña xelados agora que se achega o bo tempo

Todas estas suxerencias foron froito dun traballo de investigación moi duro, gustaríanos que María lera atentamente estes puntos e mirara en facernos caso, moitas grazas...


A cafetería do IES Maruxa Mallo E os bocatas e demais chuminadas do recreo...



MANDALAS, a pintura do espírito.

Segundo as diferentes tradicións ou culturas os mandalas utilízanse con diversos propósitos como

instrumento para a meditación, con fins curativos ou para transmitir as crenzas espirituais. Nós podemos ver imaxes semellantes e cunha función parecida nos rosetóns de moitas igrexas e catedrais.



¿SABIAS QUE...?

Os mandalas pódense entender de diferentes formas:

Está relacionado coa xeometría a psicología a curación e espiritualidade.

Grazas á súa forma concéntrica o mandala é un modelo de meditación ideal.

A pintura creativa reforza o proceso de abstracción e da autoconciencia.

Se nos fixamos un pouco podemos observar moita semellanza cos trisqueis tan habituais para nós.


Estas figuras que parten dun centro e desde alí vai comezando un ritmo de formas escollido por distintas razóns, ben sexan estéticas, espirituais... Unha figura que pode continuarse ate o infinito danos unha idea de continuidade, sen principio, sen fin, ideas moi atractivas para moitas culturas, agora podes coñecelos un pouco máis, para iso nada mellor que facer un pouco, por iso damosche uns pasos a seguir para a confección do teu propio mandala.

È un termino sanscrito que significa diagramas ou representacións simbólicas bastante complexas utilizadas tanto no budismo como no hinduísmo.

A SÚA ORIXE

A palabra mandala provén do sánscrito (lingua tradicional da India) e significa "circulo" ou "portador da esencia". Son utilizados no budismo e no hinduísmo.

Na practica os mandalas hindúes son lineais, mentres que os mandalas budistas son bastante figurativos.



Como facer o teu propio Mandala

Pasos:

1º-Facer unha circunferencia e dividila en tantas partes (6-12 aproximadamente).

2º-Pensar os debuxos e formas que

Para saber o que ti expresaches no teu Mandala!!

Branco- pureza, entendemento, tranquilidade...

Negro- segredo, renacemento, intuición, rectificación.

Amarelo- amabilidade, natureza, fidelidade, percepción.

Vermello- sabedoría, poder, vitalidade, durabilidade.

Rosa- curación, sensibilidade, neno interior.

Laranxa- intuición, autocontrol, ambición, vitalidade.

Verde- vigor, crecemento, sorte, pureza, valor.

Marrón- estabilidade, apego a terra, conciencia do medio ambiente.


Prateado- benestar, emocións fluídas,

facultades sobrenaturais.

Sigue a túa intuición e deixa libre o teu sentido de creación.

Se queres pintar un mandala pero o debuxo non é o teu, dáLle a imprimir a imaxe da páxina seguinte e adícate a pintar.

Pintar un mandala é moi doado, séntate nunha mesa con todas as pinturas á vista, comeza a pintar polo centro e non penses en nada máis que nas cores que vas extendendo polo debuxo, ao final podes consultar o significado das cores que empregaches de forma maioritaria. Inténtao, é divertido




vas a poñer no teu Mandala.

3º-Decorar a circunferencia por dentro con formas e debuxos que máis che gusten, o máis simétricos posibles que poden ser as que ti queiras pero deben falar de ti, expresar como es.Trátase de buscar a esencia de cada un.

4º-Antes de dar os últimos pasos, revisamos que todo este ben no noso Mandala.

5º- Pintar o mandala coas cores que ti desexes ou prefiras.

6º-Unha vez finalizado de pintar xa terminaches o teu Mandala.



Mandala debuxado por Sofia 1ºD

ENGLISH WRITING

A STRANGE STORY

Once upon a time there were two very normal girls in a school. One was me and the other was my best friend Susan. One day we were doing our homework in my house when we heard a very strange noise and we got frightened.

We went out to the garden and we saw my dog Toby. The dog was making a hole. We decided to go out of the house. Later we heard another strange noise again, but this noise was very loud. We went out again and we saw my dad's tractor. Then my mum, my father and my brother left to the town. Susan and I were alone in the house. When we finished our homework we started to speak. We went up to the attic. There we saw a ghost. We shouted and we went down the stairs and we hid in my bedroom, under my bed. When we went out of the bedroom the ghost wasn't there. Susan and I didn't believe it! One hour later more ghosts came and they surrounded us. We shouted as loud as we could. Then my mum woke me up! Thanks goodness! It was only a nightmare!

Patricia Rodríguez Dafonte – 2º E



“THE THREE WISHES” –A joke

One day Mary was walking in the park when she found a magic lamp. She rubbed it and suddenly a genius appeared. So she asked him, “Can you grant me three wishes?”. “Yes, but the things that you request, your husband will have them ten times more than you”, he answered. “OK, my first wish is that I want to be the most beautiful girl in the world”, she said. So the genius explained, “But your husband will be ten times more beautiful than you”. “Yes, but as I am the most beautiful woman, he will only look at me”, she replied. And the first wish was granted.

“Now”, she said, “my second wish is that I want to be the richest person in the world”. “But your husband will be ten times richer than



you”, the genius replied. “Yes, but everything that is for him, it is for me too”, she explained. And the wish was granted.

“And now my last wish is that I want to suffer a “small” heart attack”, she said.

Noa Rey Mella – 2º E

“OPTIMISM” – A poem

She plays like a child in the park.
She shines like a star in the night.
She sings like a bird in the spring,
but she cries when she’s given a fright.

She has never had any friends,
but she has always wanted to fly.
She has never needed any help
Because she has always had wings to go
up in the sky.

Somebody told me that we should love,
Somebody told me that we should fight,
Somebody told me that we should stand
up
And be guided by a light.

REMEMBER that you are always lucky
When you believe in yourself.
Fátima Lareu Silveira – 4º A

“THE EURO” – A poem

My euro has been in a lot of places.
It’s already been in a restaurant.
It’s travelled by car to France
In the pocket of a smart man.

Has it ever had any eurofriends?
Has the euro ever been in a money box?
Has it ever helped poor people?
Has the euro helped sick people yet?

It’s just arrived home.
How long has it been in movement?
How long was it in the restaurant?
How long did it travel by car to France?

It has been in movement since 2001.
It was in the restaurant for three days.
It travelled by car to France for four
hours.

At this moment I am spending it
To help poor people.

Natalia Iglesias Barreiro – 4º C



... entrevistamos a Jose...

A miña compañera Vanesa mais eu, decidimos facerlle unhas preguntíñas ao noso profesor de Historia, a Jose.

El con moito gusto nos contestou, a pesar de que por veces, nos escapaba a risa...velaí vai a nosa conversa.

◆ *¿ Por què decidiches ser profesor de Historia?*

Porque me gusta moito a historia, ensinar e transmitir coñecemento.

◆ *¿ Por què decidiches escribir este libro?*

Porque estaba facendo un traballo utilizando material e contexto sobre a Guerra de Galiza na Idade Moderna e non habia ningún resume deste tema.

◆ *¿ Canto tempo che levou escribilo?*

Non o fixen dunha maneira continuada, senón por momentos. Comecei hai 4 anos pero pouco a pouco, porque estiven facendo outras cousas ao mesmo tempo.

◆ *¿ Que nos conta o libro?*

O libro trata sobre os conflitos beticos, a guerra na que estivo implicada Galicia entre os séculos XVI e XIX e de que maneira estivo implicada.

◆ *¿ Pensas que terá éxito?*

Creo que pode ser unha obra de referencia e pode ser útil.

◆ *¿ Pensas escribir máis libros?*

Si, dentro de pouco vai saír un sobre o "Corpus Crhisti", ilustrado por Sabela Arias.

Trata sobre figuras de Corpus Christi, e máis adiante sobre a Guerra de sucesión de Galiza , á parte dalgúns artigos e revistas especializadas.

◆ *¿ Podemolo atopar en calquera librería para mercar?*
O normal é que si, sobretodo aquí en Galiza.

Pois ben aquí remata a nosa entrevista. Querémoslle agradecer a Jose a súa colaboración, darlle as grazas e desexarlle moita sorte para que poida seguir escribindo sobre calquer tema que sexa interesante.Un bico.



VANESA BARREIRO GARABATO
JESSICA PADÌN PADÌN 4°C



Vive a túa vida De Euloxio Rubial

O día 5 de xuño de 2007, no IES Maruxa Mallo estreouse a obra “Vive a túa vida” do dramaturgo ordense Euloxio Rubial, polo grupo de teatro Comecastañas.

A obra trata de como a sociedade valora ou critica situacións que non son habituais como se fosen malas. Como nos enfrentamos ao descoñecido e ao afán de crítica sobre o que non entendemos.

A obra representárase todo o mes de xuño para todo o alumnado do centro na aula de teatro. Velaí uns momentos da representación:



Charo Fernández Velho.....directora

Estela Pérez del Río.....Xan ou Xoana

Fátima Darriba Amor.....dependenta

Elisabeth Liñeira Amigo.....taberneira

M^a Esther Cao Noya.....xastre

Alba Vilariño Sánchez.....carniceira

Jessica Padín Padín.....viciña 1

Brenda Mira Núñez.....viviña 2

Macarena Pallas Rodríguez.....policía

Decorados:

Vanesa Barreiro Garabato

Jessica Padín Padín

Lorena Ferreño Grela

Adriana Grela del Río

Noelia Graña Veiras

Iluminación:

Estefanía Juncal Ríos


Son:

Daniel Gándara Loureiro

Álvaro Liñares

Andalucía

EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO DE 4º A



Odía 16 de abril os alumnos de 4º da E.S.O. collemos rumbo cara a Andalucía. Saimos as 11:00h do I.E.S. Maruxa Mallo. Iamos moi ilusionados e a verdade é que non nos paramos a pensar as horas que nos quedaban ata poder chegar ao noso destino. Houbo moi pouca xente que durmiu no bus, porque o resto non fomos capaces por varios motivos: 1º porque durmir no bus é moi incómodo e 2º porque tiñamos medo que nos pintaran a cara ou algo jeje. Houbo algúns rapaces que foron listos como Fernando, Sánchez, Álex, Roberto, Macarena... que se deitaron no pasillo do bus, así polo menos ían estirados que nos tivemos que ir moi dobrados. Tras pasar a noite no bus (cada un como podía) chegou a mañá e por fin xa pisamos terras andaluzas a 14:00 horas chegamos á nosa primeira visita: Córdoba onde visitamos a Mezquita e tivemos dúas horas para ver toda a cidade. Continuamos cara

Torremolinos onde tiñamos o Hotel que vaia hotel!! iso que o primeiro momento alí non foi moi bo porque na mais entrar pola porta xiratoria xa quedamos atrancadas Jessica, Noelia e máis eu.

Fixemos o reparto de habitacións e despois baixamos cear....ai!! que comida máis rara! fomos para as habitacións con fame e menos mal que levamos algún chocolate, galletas... na maleta porque senón... Aquela noite foi moita festa de unha habitación para a outra.

Chegou o mércores 18 e tocaba Málaga onde vimos moitas cousas, pasamos alí todo o día, cando chegou a hora de comer o picnic ai! meu Deus! canta fame pasamos porque os bocadillos que nos fixeron no hotel aquilo non era bocadillo era unha cousa rara porque collíalo na man e desfaciase, pero ben menos mal que a froita e a botella de auga sabían ben, volvemos cedo para o hotel e así poder disfrutar del, da súa piscina, do jacuzzi...o peor é



que non tivemos moi bo tempo. O xoves 19 visitamos moitos sitios de Sevilla:primeiro tivemos unha visita guiada no bus por toda a cidade (a verdade é que era un coñazo pero se tiñas sono aínda durmías un pouco jaja) acabamos na Giralda e despois deixáronnos tempo para pasear pola cidade, como tiñamos dúas horas Alba, Jess,Roberto, Lore e máis eu decidimos ir dar unha volta nun carro de cabalos, foi o mellor de todo durou 45 minutos, despois tamén se animaron os profesores.Logo disto collemos rumbo a Torremolinos de novo, a cea desta vez xa era comida máis coñecida e sabía ben.

As 20:30 tiñamos reunión cos profesores tódolos días na terraza do hotel onde falabamos o que íamos facer no día seguinte, despois fomos para as habitacións e como o día seguinte, o venres, tocaba quedar no hotel todo o día para poder disfrutar da piscina non nos tiñamos que levantar cedo polo cal nos puxeron música nun sitio apropiado para eso con sofás, pista de baile...pasámolo moi ben ata fixemos unha versión do programa Furor rapazas contra rapaces, a verdade é que quedamos flipando

cos rapaces porque sabían case tódalas cancións!isto só durou ata as doce e despois continuamos na habitación dos rapaces cantando co Sing Star onde gañamos Jessi máis eu contra David e Abel, ai que decir que tamén o fixeron ben!

Despois fomos para as habitacións



onde uns cantos botamos o colchón na terraza e dormimos alí, empezabamos Alba máis eu pero ó final sempre se unía máis xente.

O día seguinte tocaba quedar no hotel como xa vos comentei antes,co tempo que facía non apetecía moito meterse na piscina polo que fomos dar unha volta por Torremolinos pero ó chegar de volta ó hotel...non se librou ninguén de que o tiraran á piscina bueno os que estaban nas habitacións!porque Ponte, Suso, Luis, Fernando, Castenda foron os

encargados de tirar inclusive os que estabamos vestidos, polo menos a min



deixáronme sacar o móvil e a cámara porque a Lorena tirárona co móvil no bolsillo e estropeouselle.

Tras a caída decidimos poñer o bikini porque unha vez molladas xa non nos estarrecía a auga fría, de noite volvemos ter festa no hotel e para non variar tampouco dormimos nada.

Chegou por fin o sábado, o día que todos estabamos agardando ir ó parque de atraccións Tívoli World!que ben o pasamos fomos na atracción de auga, acabamos

mollados de pés a cabeza, a noria non valía para nada e a casa de terror tampouco era moita cousa, había tamén un saltamontes ese sí que estaba ben acababas un pouco mareada pero bueno, de todas formas a min o que máis me gustou foi a caída libre a primeira vez hai medo pero

despois de subir tantas veces acábache gustando porque sóbete tanto arriba que despois cando te baixa baixate no aire, ai! O peor para min e creo que tamén para Angel e a profesora Verónica tamén foi a nube!que medo porque iso de que te suban alá arriba e que che dean voltas no aire e que te deixen boca abaixo é moito que mal se pasa!Charo e Jose non se animaron a subir.Eque son 15 minutos pero acordaste de toda a familia, iso que Fernando, Lorena,

Ponte, Suso, Jorge,Castenda,Lorena G, Lidia...repetían unha tras de outra.Tamén había a montaña rusa, onde nos quedaron secuelas nas pernas, porque ó ir de lado acababas coas pernas cheas de moratóns.De volta ao hotel iamos cansadísimos pero era igual porque tiñámolo que pasar mellor que as outras xa que era a nosa última noite alí naquel hotel, e así foi verdade Suso? Botamos a noite botándolle cousas na cara a Macarena, Lorena, Jessi mentres dormían, o peor foi cando



espertaron non sabiamos onde meternos, Lorena estaba moi guapa si oh!e Jessica co pelo de punta jaja e despois por encima a miña caída na habitación ai que risa pero a min doeume eh!ainda rimos un pouco.

Chegaron as 8 da mañán xa era domingo e tiñamos que coller rumbo cara Granada visitamos a Alhambra, levounos dúas horas, pero a verdade é que valeu a pena porque está moi bonita e agora entendemos porque está nominada

as sete mellores marabillas do mundo, así que se podedes botádea por Internet para que gane porque o merece

en www.new7wonders.com. Despois xa tocaba ir para o novo hotel. Non me quero acordar cando chegamos alí e lle vimos as pintas por fóra pensamos “onde nos metemos?”

porque aquel hotel non parecía e cando entramos e vimos que era todo vello e a xente de fóra non eran españois foi unha sensación horrible! que nós viñamos daquel tan bo en Torremolinos e este...sen

comentarios! collemos medo e aquela noite non durmimos nada ata caían as ventás soas jaja Roberto enténdeme

perfectamente! ai! cando chegou a hora da cea había sopa pero cando nola botaron démonos conta de que se lle olvidaran os fideos si! como ledes! bueno un desastre!

O día seguinte xa collemos rumbo a Ordes! por unha forma xa tiñamos ganas de chegar ás nosas casiñas, porque como a casa de un non hai! pero por outra forma non porque se se poidera quedar no hotel aquel que marabilla! no de Torremolinos eh!. Marchamos de Granada ás 11 da mañá e tras botar o día enteiro no bus por fin chegamos a Ordes ás 2:00 da mañá onde cada rapaz colleu rumbo coa súa familia para as súas casas, contentos e a vez tristes porque xa

pasara a excursión que tanto nos tardara!.

Pasámolo moi ben, foi unha excursión inolvidable para todos e sei que nunca nos esqueceremos desta viaxe e ogallá que os alumnos que para o ano vaian de excursión de fin de curso o pasen tan ben como o pasamos nós!



Tampouco nos esqueceremos dos profesores que viñeron con nós: Jose (que nos organizou a excursión), Charo e Verónica, moitas grazas por vir con nós e a verdade é que se portaron moi ben !ai! que xa non me acordaba de dicirvos que nesta excursión tamén houbo tempo para algún romance ca outro! pero eso non o conto porque senón estenderíame moito...jaja mellor deixalo entre nós!

Ata aquí foi o que acontece una nosa viaxe! un bico moi grande para todos os alumnos/as da excursión e como non para as miñas compañeiras de habitación: Alba, Lorena e Jessi.

Vanessa Barreiro Garabato 4º E.S.O.C

Postais desde Andalucía

Alambra



E Córdoba...



TEST

... es un/ha cocho/a?

Este test está pensado para ti, se queres saber realmente a resposta de se es ou non un cocho/a contesta con sinceridade ás seguintes cuestións, averiguarás se es un/ha auténtico cocho/a. A realidade ás veces é terriblemente cruel, de todos os xeitos non desesperes, que por moi mal que quedes é un mal que ten cura, e chámase xabron!!!

No patio:

1. Sabes o que é a papeleira?
 - a) Si
 - b) Tal vez...
 - c) Non
2. Usaches algunha ves unha papeleira no instituto?
 - a) Sempre
 - b) Ás veces
 - c) Hai papeleiras no instituto?
3. Cando acabas a bolsa de patacas fritidas gárdala no peto até atopar unha papeleira?
 - a) Si
 - b) Ás veces
 - c) Non, nunca
4. Gústache pasear nos recreos entre toda a porcallada tirada?
 - a) Non
 - b) Ás veces, depende
 - c) Si
5. Se alguén tira un papel diante túa que fas?
 - a) Collo o papel

- b) Chámolle a atención
- c) Nada

6. Tes pensado colaborar na campaña de limpeza do IES?
 - a) Si
 - b) Tal vez, se non queda máis remedioooooo
 - c) Non
7. Gústache que se che peguen os chicles pegados no zapato?
 - a) Non
 - b) Ás veces
 - c) Si

Na cafetería

8. Estás contenta/o con tes cafetería no IES?
 - a) Si
 - b) Tal vez
 - c) Non
9. Gústache a cafetería que temos?
 - a) Si
 - b) Tal vez
 - c) Non
10. Cando che gusta máis, antes ou despois do recreo?
 - a) Antes
 - b) Durante
 - c) Despois
11. Observas algún cambio?
 - a) Si, evidentemente
 - b) Tal vez
 - c) Logo, ocorre algo

12. Es capaz de tirar un bocata ao chan?

- a) Non
- b) Pode que ás veces..
- c) Si

13. E que me dis dos restos do bocata... tiráchelos algunha vez ao chan?

- a) Non
- b) Ás veces
- c) Si

14. Sabes pedirlle ás encargadas da cafetaría sen berrar e sen empurrar?

- a) Si, claro
- b) Ás veces
- c) Hai forma de facelo sen empurrar?



NA AULA

15. Destragas, pisas, malgastas, tiras, tragas... o xiz da aula?

- a) Non
- b) Ás veces
- c) Claro! E logo non é para iso?

16. Usas as ventás como papeleiras?

- a) Non

b) Ás veces

c) Sempre

17. Usas as mesas como repousapés?

- a) Non
- b) Ás veces
- c) Sempre

18. Consideras que a túa mesa é un taboleiro de anuncios?

- a) Non
- b) Ás veces
- c) Sempre

19. Recolles os papeis que aparecen debaixo da túa mesa ou pásasllos cos pés á mesa do teu/túa compañeiro/a?

- a) Recollos
- b) Depende
- c) Pásollos a/ao compañeira/o

20. Na aula usas a papeleira?

- a) Si
- b) Ás veces
- c) Non, nunca

21. Necesitas deixar a túa pegada nas paredes igual que os seres humanos primitivos?

- a) Non
- b) Depende
- c) Si

NO BAÑO

22. Mexas por fóra?

- a) Non
- b) Ás veces
- c) Sempre

23. Tiras da cadea?
a) Sempre
b) Ás veces
c) Nunca
24. Necesitas que o baño sexa unha lameira para sentirte a gusto nel?
a) Non
- b) Depende
c) Si, por suposto
25. Préstache ben o bocata no cuarto de baño?
a) Non
b) Ás veces
c) Sempre



Resultados:

Maioría de A:

Es unha persoa normal que gostas da limpeza e da hixiene, non es porca/o e non é do teu agrado estar entre xente porca.

Maioría de B:

Seguramente, se pos moito da túa parte é posible que non chegues a ser un/ha porco/a sen remisión, senón unha persoa normal. Sorte!


Maioría de C:

SUPERCOCH@, grazas aos teus hábitos temos o IES cheo de papeis, lixo e outros obxectos ciscados polo patio, pola cafetaría ou polas aulas e corredores, non sería posible que pensaras un pouco nos demais?



LETRAS GALEGAS DE 2007 ADICADAS A MARÍA MARIÑO



Este ano adicouse o Día das nosas Letras a María Mariño. No noso instituto participamos en xogos populares, no Karaoke e nun concurso de pintura. Estas actividades serviron para conmemorar esta data, no hall do instituto podemos ver, a maiores da exposición de castelao, unha exposición con textos de María Mariño, que nos permiten ler e coñecer algo máis da obra da poetisa galega.



Achegádevos ao vestíbulo para ler os poemas!



...entrevistamos a ... LUCÍA ROUCO PENABAD de inglés



SOBRE A ESCOLA.

POR QUE ESCOLLICHES SER PROFESORA?

L-A miña carreira non tiña moitas saídas profesionais. Ademais eu quería traballar en algo seguro.

CANTOS ANOS LEVAS NESTE INSTITUTO?

L- Seis.

E CANTOS LEVAS DANDO CLASE DESDE QUE COMEZACHES ESTA CARREIRA?

L- Aprobei a oposición no ano 90, ou sexa que son 17 anos.

POR QUE CHE GUSTA DAR INGLÉS?

L- E quen dixo que me gusta?

DISFRUTAS CORRIXINDO EXAMES NOS QUE A XENTÉ APROBA?

L- Por suposto.

COMO CHE GUSTA QUE SEXAN OS ALUMNOS?

L- Maiores. Cantos máis anos teñan mellor.

A HORA DE AVALIAR DASLLE MOITAS VOLTAS Á CABEZA?

L- Moitísimas. Intento ser xusta e aínda que a maioría son claros, algúns quítanme o sono.

DASLLE TITORIA A ALGÚN CURSO?

L- Este ano non

A QUE CURSOS LLE DAS TI CLASE?

L- Este ano dou en terceiro e no programa de garantía social.

HAI QUE TER UNHA GRAN CAPACIDADE PARA SER PROFESORA DE INGLÉS?

L- Como calquera outra materia.

COTILLEOS SOBRE A SÚA VIDA

CAL E A TUA MUSICA PREFERIDA? E O CANTANTE?

L- Depende. Se é para bailar a música disco dos 80. Para escoitar moitísima, os Rolling Stones e Queen por dicir algún.

TÉS PARELLA?

L- Si.

GUSTANCHE OS NENOS?

L- Moito.

TÉS FILLOS?

L- Teño dúas fillas , Paloma de cinco anos e Paula de dous.

NO TEU TEMPO DE LECER, QUE SOES FACER?

L- Estar coa familia, saír cos amigos, pero sobre todo, viaxar.

CALES SON AS TÚAS COMIDAS PREFERIDAS?

L- Os doces.

TÉS ALGUNHA MANIA EN ESPECIAL?

L- Non aturo que estalen os dedos, vos xa o sabedes.

CON CALES DOS PROFESORES TÉS MÁIS RELACIÓN?

L- Sempre téis máis contacto xa sexa por levar máis anos traballando xuntos, ou porque viaxas con eles, ou por estar no mesmo departamento.

CANTOS ANOS TÉS?

L- Que pesados sodes: 41 (agora xa podemos dicir que se resolveu un dos grandes misterios da humanidade, pois levabamos tempo facéndolle esta pregunta sen ter éxito).

CANDO OS CUMPRES?

L- O quince de xaneiro.

GÚSTACHE VIVIR AVENTURAS?

L- Depende do tipo de aventura.

QUE TIPO DE VIAXES CHE GUSTA MÁIS?

L- Gústame tanto viaxar que me apunto a todo,

aínda que prefiro que non vaia moito frío.

COMO CHE GUSTA VESTIR, CLÁSICA OU INFORMAL?

L- Eu diría que informal, a miña prenda favorita son as camisetas pero recoñezo que varío moito.

Traballo para a revista realizado por: Ismael Bouzas Gómez 3º A
Diana Álvarez Cid 3º B
Érica Darriba Pena 3º B

atx
informática

**NOVAS
INSTALACIÓNS**

- ◆ Asesoramento Técnico
- ◆ Solucións Empresariais á medida
- ◆ Servizo de Asistencia Técnica
- ◆ Mantementos integrais (Hard /soft)
- ◆ Consumibles
- ◆ Solucións de Seguridade
- ◆ Recuperación de Desastres
- ◆ Redes e Conectividade
- ◆ Ordenadores e Periféricos
- ◆ Software de Xestión e Comercial

centro de saúde A Coruña

atx informática

Concello de Ordes

Santiago

Rúa da Canteira nº16 - 15680 Ordes - A Coruña
Tel/Fax: 981 68 78 55 - atx@atx-informatica.com

www.atx-informatica.com


soluciones informáticas



...Logo de moitas discusións no Departamento de Normalización Lingüística do IES Maruxa Mallo decidíuse adicar o poster central deste ano ao profesor Xosé Martínez

Crespo, pero por axustes económicos e a coñecida estatura do original, foinos imposible un poster completo, velaí todo o que fumos quen de conseguir... Os pes! A verdade é que é un comezo...

Entrevista a SABELA ARIAS CASTRO



O día 11 de enero visitamos a exposición de Sabela en Santiago de Compostela na galería Sol & Bartolomé titulada "Paisaxe Urbana" inaugurada o 15 de decembro e estivo exposta ata o día 17 de enero.

Vanesa e Jessica:-Porque decidiches expoñer os teus cadros en Santiago de Compostela?

Sabela:-Fixen máis exposicións e esta vez tocou en Santiago como moitas outras.

V. J.-Que che inspirou facer todos os cadros con edificios?

S:-Por que me gustan moito as

galerías, é un estudo sobre as estruturas da galería de cor branca sobre a vermella.

V. J:- Porque empregaches en todos os teus cadros a única cor vermella?

S:- Por que levo moitos anos traballando na cor vermella, e unha cor que me sinto moi a gusto e tamén porque chama atención.

V. J:-Cantos cadros expuxeches?

S:- 42

V. J:-Que técnica empregas nos teus cadros?

S:-Normalmente acrílica, acuarela e óleo.

V.J:- No futuro, gustaríache que a xente te coñecera como "Sabela Arias Castro, pintora galega de Betanzos" , e dicir, que o teu nome fose moi coñecido na pintura?

S:- Jaja .A verdade...non, gustaríame que os meus cadros sirvan para algo pero non necesito ser moi coñecida, e non son de Betanzos...

V.J:-Neste momento tes algunha exposición dos teus cadros?

S:- Agora non.

V.J:-Vasnos representar nalgún cadro teu? jaja

S:-Pois mira na serie que estou traballando agora, aparece unha serie da vida cotiá e entre eles aparecen cousas de clase.

V.J:-Que proxecto tes no futuro?

S:- Vivir, pasalo moi ben e feliz e pintar.



V.J:-A túa filla que opina de todo isto? Está contenta polo que xa aparece nalgún cadro teu?


S:-A miña filla non pode escoller a nai que lle tocou, e para ela todo isto é o normal.

V.J:-Estás pintando algo neste momento?

S:- Agora estou facendo un traballo de ilustración.

V.J:-Cal foi o motivo polo cal decidixes participar no periódico Tierras de Santiago coas "Historias de Icí e Avoa"?

S:-Porque os debuxos estes eran os que facía eu como unha tira cómica



e foi grazas a Jose que dixo que os levará ó Correo Gallego,e así foi.

V.J:-En que te inspiras para facer os debuxos?

S:-Na paisaxe cotiá, na vida diaria, no que teño ao meu redor, e nos de "Historias de Icí e Avoa" é unha conversa de dúas xeracións moi diferenciadas, pero parto da forma de ver a miña bisavoa e o resultado é unha conversa entre as dúas, e poño no meu sitio a miña filla Icí con ela.

Na entrevista comentounos que lle encanta dar clase.

Artigo por: Vanesa Barreiro Garabato e Jessica Padín Padín 4°C

Historias de Icí e Avoa, por Sabela Arias



AUDIOVISUAL 2006/07 e VISITA A TVG



Os alumnos de 4º E.S.O tivemos a sorte de participar na grabación dun corto contra a anorexia. Organiza todos os anos esta actividade o Departamento de Galego. Déronnos unhas clases de iniciación á televisión onde a monitora Campo nos explicou os oficios para poder realizar un programa de televisión onde cada grupo tiña que repartilos traballos para poder grabar nós un programa, había de todo tipo: telediarios, anuncios, programas de corazón... Unha vez realizado isto grabamos un

Vanesa
Barreiro Garabato 4º E.S.O C

corto :con sonido, cámaras de rodaxe...e coa axuda de dous monitores; Manuel e Miguel que nos explicaron todo o necesario para poder empezar coa escena, que consistía en grabar unha conversa entre tres compañeiros sentados na cafetería. Pasámolo moi ben e aprendemos moitas cousas. E penso eu...se a nós nos levou todo día grabar unha conversa entre tres rapaces que dura como máximo 3 minutos non me quero imaxinar o tempo que lle levará grabar unha película de hora e media...jaja. Pero tamén aí que se dar de conta que nós eramos novatos neste tema jaja. Unha vez grabado o corto tivemos unha excursión á Televisión de Galicia onde poidemos visitar o plató 1000 (chamase así porque ten 1000m²) aquí graban Luar e tamén O Pequeno Gran Show. A continuación estivemos vendo a grabación dun squetch de Zapping Comando onde vimos a Morris (Antón en Pratos Combinados) e algúns actores da galega, algúns alumnos tamén visitaron o plató dos Tonechos e Cifras e Letras. Pasámolo moi ben e gustaríamos poder repetir estas experiencias.





“O regreso ao deserto”

O día 25 de outubro de 2006 os alumnos de 4º de ESO do Instituto Maruxa Mallo fomos a Santiago a ver a obra “O regreso ao deserto” interpretada polo Centro Dramático Galego.

Chegamos a Santiago cedo dabondo como para que nos permitise dar un paseo polo casco vello da cidade. Estes paseos son moi gratificantes, sempre hai algo novo por ver nalgún escaparate ou algo inesperado que atopar polas rúas empedradas.

Á hora convida polos puxémonos todos perante a entrada á sala de teatro. Charo, a nosa profesora de lingua galega, entregounos as entradas. Había varios grupos de alumnos que andaban como tolos por facer coincidir a serie de números dos asentos para poderen

sentarse xuntos a ver a obra e quedaron sorprendidos ao darse conta que os números dos asentos estaban distribuídos de xeito pouco usual: a un lado do corredor central atopábanse os asentos impares e ao outro, os pares. Finalmente puideron sentarse xuntos facendo pequenos intercambios de entrada.

A obra teatral comezou e creo que nos gustou moito á maioría de nós. Trataba principalmente da relación entre dous irmáns franceses: Adrien Serpenoise, burgués, quedara en Francia e arranxara a casa dos seus pais para apoderarse así dela, casara e tivera un fillo (Mathieu) mais a súa esposa (Marie Ronzeriulles) faleceu e casou de segundas coa irmá dela (Marthe) que tiña serios problemas coa bebida: Mathilde Serpenoise marchara a Alxer, expulsada de Francia por unha suposta falta que cometera (da que

despois se vingou rapándolle o cabelo a un avogado implicado), tivo fillos en Alxer (Edouard e Fátima) que seu pai non quixo recoñecer, mais tivo que voltar cos fillos a Francia debido a que acababa de estalar unha guerra en Alxeria.

As disputas entre Mathilde e Adrien eran continuas e os fillos de cada un deles tampouco se levaban moi ben, debido a isto sobre todo ao nulo contacto que houbera entre eles e as súas grandes diferencias: Mathieu, fillo de Adrien, é bastante forza pero carece totalmente de intelixencia; Edouard é moi intelixente pero débil fisicamente e, Fátima ve a pantasma da esposa morta de Adrien, provocando que todos dubiden da súa saúde mental. Adrien conspira xunto con outras persoas con bastantes influencias para colocar unha bomba. Porén, a bomba fixo esbourar un café árabe no que casualmente se atopaban Aziz (o criado árabe de Adrien), Mathieu e Edouard. Aziz morreu na explosión e os outros dous sobreviviron.

Un paracaidista negro cae no xardín de Adrien procurando unha moza para pasalo ben. O soldado sóltalle un discurso ao burgués sobre a importancia do exército e marcha. Este paracaidista atopa a Fátima e ela queda embarazada, sorprendendo a todo o mundo cando dá a luz dous xemelgos de cor negra.

Finalmente, tanto Mathilde como Adrien intentan levarse cen para prosperar e así remata a historia.

Nesta obra acéndense moitas reflexións sobre a pobreza e a riqueza, diferenzas de nacionalidade e outros temas. Ambos os dous

irmáns realizan un monólogo no que falan do que sinten, das súas inquedanzas e das súas situacións. A obra remata de xeito simbólico: Adrien, debido aos seus pés planos, anda sempre descalzo; porén, cando decide coa súa irmá comezar unha relación de verdadeira fraternidade, cálzase a pesar da dor que isto lle produce, simbolizando así os seus esforzos por que aquel novo proxecto persoal saíse ben. Cabe destacar a selección de música coa que ambientaron moitas esceas, os xogos de luces e os espectaculares cambios de escea. Notábase enormemente o que pode supoñer a cantidade de presuposto á hora de levar a cabo unha representación teatral: A maior presuposto, maior cantidade de cousas que se poden realizar e, neste caso, o presuposto re sáltase abondoso (hai que ter en conta que o Centro Dramático Galego é subvencionado pola Xunta de Galicia). O autor soubo mesturar moi ben a comedia e o drama, dando lugar a unha obra bastante boa ou que, persoalmente, me gustou moito. Tamén é preciso dicir que os actores eran, na súa maioría, veteranos na súa profesión e isto notouse, pois facíano moi ben.

O autor, o francés Bernard-Marie Koltés, nacido en 1948, escribiu esta obra (entre outras moitas) no ano 1988. As súas pezas son representadas en toda Europa e hoxe en día é o autor contemporáneo francés máis representado no mundo. Koltés morre de sida en 1989, tras unha serie de viaxes por Centroamérica.

Macarena Pallas Rodriguez 4ºA

Ficha técnica de “O regreso ao deserto”.

Autor: Bernard-Marie Koltès
Dapena

Directora: Cristina Domínguez

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Luísa Merelas, Celso Parada, Toni Salgado, Rocío González, Alberto Rolán, Ursia Gago, Josefa Barreiro, Pilar Pereira, Manuel Areoso, Robert Matthews, Mohamed Azibou, César Goldi, Alfredo Rodríguez e Vicente Montoto.

Espazo escénico: Xoán Anleo

Espazo sonoro: Ugia Pedreira

Deseño de iluminación: Octavio Mas

Deseño de vestuario e estilismo: La Canalla (Francisco J. Soto e Patricia Soto)

Deseño gráfico: Signum

Fotografía: Tono Arias

Realización perruquería: Anil Perruqueiros

Realización vestuario: Concha Abad, Clotilde Vaello

Caderno pedagógico: Alfredo Rodríguez Fernández

Tradución: Fernando Moreiras

Asesoría en movemento escénico: Olga Cameselle

Axudante de dirección: Anabel Gago



Escea de “Piragua”, outra obra de teatro á que fumos en Maio.

ESQUELAS

O SENOR

D. Xosé Miguel Barreiro Odense.

Finou o día 9, aos 93 anos de idade, conformado cos santos sacramentos.

A súa muller Xoana Santos Paz, filla: María, fillo: Chincho, netas: María e Asunción, irmáns, sobriños e demais familia.

Pregan unha oración polo ultimo galego- falante existente no noso pais.

Hora de saída do enterro: hoxe, ás cinco do serán.

Funerais: igrexa parroquial de Santiago (Cidade Vella), hoxe, ás sete da tarde.

Rogáse a todos os galegos despreocupados que deixaron morrer esta fermosa lingua, e que vaian acudir ao funeral que non leven flores.

A familia dálle as grazas a todos os que acudan.

Fogar funerario nº 15-Praza Palloza.

Galiza, 6 de xaneiro de 2020.

(Pompas Funebres)

Revista 07: Lorenzo Mandayo Fernández, 4ª E.S.O. B

“ O GALEGO ”

Os sempre fieis a esa lingua tan importante nos corazóns dos galegos, e porque non ¿.....? non galegos queren poñer este recordatorio , para que esta lingua xa falecera e se declare morta , quede na mente dos poucos que no seu interior aínda teñen a esperanza de que reviva e volva ser o de antes . A causa da morte , é os poucos falantes que se comunicaban coa nosa lingua e non tanto isto senón a falta do galego na sociedade , en lugares como bancos , xulgados ,etc. Isto provocou o entristecemento da xente que ve desaparecer a súa

lingua , a lingua dos seus pais , dos seus avós , víanse incapaces de facer nada porque sen o poder pouco se pode facer nesta sociedade , desgrazadamente .

Quero rematar dicindo que aínda que esta lingua fose a pique aínda pode remontar , que xa o fixo unha vez , e porque non agora ?? , poderíao facer outra vez .

Así os pais seguen transmitindo a súa lingua aos seus fillos , permanecendo viva no interior de cada persoa , aínda que sexa en poucas .

Por Lidia Iglesias Vieites

Seguro que sabes o nome completo da muller que dá nome ao noso instituto?
Pódelos buscar aquí:

P	E	R	A	B	I	S	A	P	I
E	J	R	T	B	I	O	M	V	S
A	O	R	T	H	M	K	W	N	A
D	S	A	N	A	G	I	O	B	B
T	E	C	R	V	N	I	L	B	E
U	F	I	R	E	G	A	S	N	L
C	A	T	I	L	O	T	P	I	Q
A	S	F	T	U	A	E	N	O	E
R	A	C	D	R	L	O	A	L	O
E	M	A	N	U	E	L	A	P	L

Perfecto! Ana María Isabel Manuela Josefa, lóxico que con tantos nomes a chamaran só Maruxa!!

SUDOKU (suda o q)

6			3	4	9			2
7	2						9	3
		3				6		
3			8	2	1			9
8			7	6	5			4
		9				8		
4	7						3	1
1			4	5	7			6

Completa as 81 casillas, sempre con números do 1 ao 9, pero sen que se repita ningunha cifra, nin en cada cadrado de 9 partes, nin en cada columna nin en cada ringleira.



Simulacro de incendioooooo!

Ás veces soa a alarma de incendio, até o de agora foi sempre simulacro, pero... tes que estar alerta por se a próxima é un incendio de verdade...

Camiña en fila, non te poñas a falar en vez de pensar en saír de xeito ordeado...

Non te preocupes polas cousas deixa todo na aula.

Non quedes nas portas de acceso, vai aos puntos de encontro que son as pistas de fútbol e de baloncesto.

Vemos nas fotos que non todos os puntos fumos quen de seguilos ao pé da letra, pero por sorte... non se queimara a panceta para os bocatas, porque recordade que isto de saír en medio da clase por un simulacro de incendio dá moita fame!!



Para rir un chisco:

Era unha vez unha muller tan gorda tan gorda tan gorda que cando saía en televisión saía en tódalas canles.

Era unha vez un home que tiña 3 fillas.
A primeira almorza, a segunda xanta...
como se chama a estampa bíblica?
-A última cea.

Quen sobra nesta serie de personaxes?:
Antonio Lobato Gonzalo Serrano
Britney Spears Angelina
Jolie
-Angelina Jolie, porque os demais están
todos calvos.

Luis:

Que lle di o 3 ó 30?
-Para ser coma min tes que ser
"sincero".

Ábrese o telón e vese un calvo
peiteándose. Cómo se chama a película?
"Misión imposible".

Un home dille un bonito piropo á súa
muller:
"Non almorzo porque penso en ti,
non como porque penso en ti,
non ceo porque penso en ti,
e non durmo porque teño fame".

Un home entra nunha zapatería e
pregúntalle á dependenta:
-Ten zapatos do 36?
-Non señor, de antes da guerra xa non
nos queda nada.

-Riiiiing!! É aí o 4652738?
-Non, é o 8372564.
-Merda, é que son zurdo.

-Riiiiing!! Está Conchita?
-Non, está con Tarzán.

-Riiiiing!! Dígame.
-Me.

-Riiiiing!! Está Agostiño?
-Non, estou incomodiño.

Alberto:

Que lle di unha botella de viño a outra?
-Estás borrosa.

Cal é o colmo dun conxelador?
-Ter febre.

Cal é o colmo de Fernando Alonso?
-Que o pillen coas mans na “Massa”.

Cal é o colmo de Pablo Motos?
-Andar a Trancas e Barrancas.

Cal é o único país que o rirse estoupa?
-“Ja ja ja japon”.

Que diferenza a unha fada dunha bruxa?
-Cinco anos de matrimonio.

Que lle di a fronte á caluga?
-Estamos separadas polos pelos.

Entra un home espido e calzado cunhas zapatillas nunha tenda de deportes. Merca a camisola do seu equipo de fútbol preferido e dispónse a pagala cun billete de 20 €. Entón a dependenta infórmao:

-Señor, esta camisola custa 40 €, non 20.
E o paisano contesta:

-Señorita, na porta teñen posto un letreiro que di: “en pelotas e zapatillas desconto do 50%.”

-Mamá, mamá, no colexio chámanme pistoleiro.

-Vale fillo. Que queres para cear?

-Pan pan pan pan.



Outr@s:

En que se parecen unha árbore e un peixe?

En que ningún dos dous toma gazpacho.

Chama o xefe ao seu secretario e pregúntalle: -Chamou hoxe algún imbécil?

E dille o seu secretario: -Vostede foi o primeiro.

A profesora dilla á alumna: -Diga vostede...

Contéstalle: -Vostede...

Cal é o colmo dun sevillista?

Ser un “dia bético”

HORRORÓSCOPO

Carneiro

Hoxe terás un día marabilloso, sobre todo se me devolves ese CD co que levas xa case máis dun ano... Que sei onde vives...!

AMOR- Coma sempre, vamos, que só pode mellorar, porque a peor non pode ir...

Touro

Non te preocupes polo que xa pasou, pero peitíate ben que logo chega a fin de semana e quererás estar xenial.

TRABALLO- Traballa!

CONSELLO- A gomina non é necesaria para a vida.

Xemelgos

É coñecido en todo Ordes o teu gusto polo baile, pero... Non cres que tes que practicar un pouco máis antes de saír desenfreada á pista?

SAÚDE- Coidado co sol, bota crema se non queres ser o churrasco vivinte de Ordes.

Balanza

Serás o que queiras pero hoxe non te "libras". Deberías de deixar esas cores tan aburridas e pensar en tons laranxas, encarnados, maxentas... Por certo os calcetíns que levas non van nada á moda.

AMOR- Pouco pero malo.

Escorpión

Fagas o que fagas sempre a lías Non? Pois non a fagas!

Por certo, ese profesor non che ten manía, e que o exame estaba en branco...

SAÚDE- Come con moderación, e con cubertos!

Saxitario

Vamos, que te "saxitas" moito na cama... Se nos parece ben, pero os teus pais están xa fartos de que queden as mantas ciscadas pola habitación... Fai a cama antes de ir ao instituto!

AMOR- Tes moita sorte, e nos moita envexa!

Caranguexo

Agora que se achega o teu cumpreanos estás pensando nos agasallos... Disfruta pensando que como non aprobes!!

AMOR- Alguén da túa aula que ti ben sabes, está tolo por ti, lánzate!

León

Es unha persoa moi afortunada, entendemos que ligués moito xa que resultas irresistible para todo o mundo.

TRABALLO- Que saibas que as cousas non se recollen soas.

Virxe

Resulta moi bonita a vida grazas á xente coma ti, segue a ser unha persoa tan amiga dos teus amigos, e xa verás como os problemas vanse a ir resolvendo.

SAÚDE- Aconsellámote que se te mergullas no verán cerres a boca dentro do mar, se non o fas que saibas que está salgado e que o exceso de sal pode favorecer a hipertensión.

Capricornio

Informámote de que a colección de cromos dos teletubies xa rematou, por moito que lle insistas á quiosqueira non poderás rematala, adica logo o teu tempo libre a actividades máis produtivas como a halterofilia, ou o punto de cruz.

SAÚDE- As verduras non son as túas inimigas naturais, tamén son comida.

Acuario

Vexo que hai moita auga non teu horroróscopo, ao mellor deberías practicar algo máis a natación antes de tirarte na piscina...

SORTE- Vas ter sorte, o que non sabemos é se vai ser boa ou mala...

Peixes

Non todo o mundo ten o teu gusto musical así que mellor canta na ducha.

CONSELLO- Se ves todo marabilloso ao teu redor, pensa que tes mal graduada a vista.































